

M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que na sesión realizada pola Xunta de Goberno Local deste Concello o día 27 de febreiro de 2019, entre outros adoptouse o acordo que literalmente di:

“5.- Aprobación expediente para contratación do servizo de axuda no fogar (SAF) do concello de Meis, mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación.-

Dáse lectura á proposta da alcaldía que di:

“Vista a Resolución desta Alcaldía de inicio do expediente de contratación, por procedemento aberto con varios de criterios de adxudicación, para a prestación do “Servizo de axuda no fogar” deste Concello, durante un período de dous anos con prórroga de un ano, e un orzamento base de licitación anual de: 236.701,40 € sen IVE.

Visto o informe da secretaría e o xustificante de existencia de crédito de intervención.

Visto o art. 22. n) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime local.

Vista a D.A. 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e a delegación do Pleno do Concello da na Xunta de Goberno local mediante acordo do primeiro de data 27 de xullo de 2015.

Esta Alcaldía propón Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o gasto derivado do expediente, con cargo á partida do orzamento de gasto cifrada: 233.227.99.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, para a adxudicación do servizo, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, con estas características:

*Prazo de duración do contrato: 2 anos e 1 ano de prórroga.

*Orzamento base de licitación anual de: 236.701,40 € sen IVE.

*Valor estimado do contrato: tendo en conta a duración total do contrato máis as posibles prórrogas, o valor estimado do contrato polos catro anos (2 anos máis 1 ano de prórroga), sen incluír o IVE, ascende á contía de 710.104,20 € sen IVE.

Terceiro: Aprobar o prego de condicións administrativas particulares así como o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Meis.

Cuarto: Anunciar a licitación no Perfil do Contratante, por prazo de 15 días.

Quinto: Somete-lo expediente ós demais trámites previstos no prego de condicións administrativas particulares e Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.”

Visto o dictame favorable da Comisión informativa de acción social, igualdade e sanidade.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da proposta da alcaldía.”

E para que conste, expido este certificado, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Visto e prace

O alcalde

José Luis Pérez Estévez

ASINADO ELECTRONICAMENTE